



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Departamento de
Educación e Mocidade

Proposta educativa
PARA O TEMPO LIBRE DE VERÁN 2006

ESCOLA MUNICIPAL DE VERÁN

Do 4 ao 8 de setembro de 2006

Departamento de Educación e Mocidade
Rúa do Vilar, 13-1º
Tfnos: 981 554 400/401
Fax: 981 571 511
Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es
Páxina web: www.santiagodecompstela.org

ESCOLA MUNICIPAL DE VERÁN

Do 4 ao 8 de setembro de 2006

Esta é a quinta edición da Escola de Verán que organiza o Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela, contando coa colaboración das asociacións da cidade.

A proposta de actividades da Escola de Verán constitúe unha oferta para o ocio e o tempo libre da cidadanía máis nova, nunhas datas en que as familias demandan novas propostas de dinamización para os seus fillos e fillas. Estas posibilidades para o verán son diferentes, atendendo ás características organizativas, ás idades, tamaño do grupo, entre outros aspectos. Todas responden a un obxectivo que dá coherencia á oferta: a existencia dun programa educativo e de lecer nunha época e cunhas características moi determinadas, que dea continuidade á proposta cultural e educativa coa que conta o Concello ao longo do ano.

Ademais, esta iniciativa tenta rendibilizar os equipamentos escolares como un espazo de aprendizaxe no tempo de verán, onde os nenos e as nenas poidan expresarse libremente, relacionarse e compartir.

Entre os obxectivos que se pretenden alcanzar con esta proposta, destacamos:

OBXECTIVOS

- ❖ Ofrecer un espazo de encontro e de lecer para os rapaces e rapazas cunha oferta pensada especialmente para eles/as e para as familias, neste tempo de vacacións. Os centros de ensino constitúen un referente idóneo para a posta en marcha do programa, polo seu equipamento, pola distribución territorial e pola súa seguridade.
- ❖ Promover a sensibilidade artística dos nenos e nenas, potenciando o desenvolvemento imaxinativo e creativo.
- ❖ Descubrir as posibilidades educativas da cidade e aproveitar os recursos que esta nos proporciona, que leva á promoción do tempo libre con xogos e con actividades de utilización didáctica da cidade, dos seus equipamentos, das súas rúas, prazas e parques como espazos axeitados para esta experimentación e como lugares de encontro, interrelación, liberdade e creatividade, na perspectiva da consecución da cidade educadora.

TIPO DE ACTIVIDADES

En función do número de participantes, configúranse dúas propostas diferenciadas e complementarias:

Módulo A: de estrutura fixa, na que se definen espazos arredor de obradoiros especializados en:

- *Obradoiros de educación ambiental:* co obxectivo de fomentar prácticas e comportamentos ambientais, organízanse diferentes propostas prácticas como a construción de fornos solares, os roteiros por zonas de interese, etc.

- *Artes plásticas:* a pintura, o debuxo, o papel *maché*, entre outras, son as diferentes técnicas empregadas neste espazo de expresión artística que contribúe a desenvolver a sensibilidade estética.
- *Cociña:* na que poderán aprender e realizar sobremesas frías, ensaladas, batidos, bocadillos, pan e pastas, entre outros.

Módulo B: ademais destes centros de interese, complétase a proposta coas seguintes actividades:

- *Visitas guiadas a centros de interese:* que se veñen realizando ao longo do curso escolar dentro do Programa Municipal de Utilización Didáctica da Cidade, que pola súa receptividade realizaranse novamente á Casa do Concello, á Praza de Abastos, Percorrido Histórico, o Parque de Alameda, á Policía Local, o Refuxio de Animais, o Servizo Municipal de Extinción de Incendios e Salvamento ou as visitas algún dos museos da cidade.
- *Actividades deportivas e xogos cooperativos:* nas que terán a oportunidade de perfeccionar a súa habilidade e a súa técnica en deportes e iniciarse noutros máis novidosos.
- *Xogos populares e tradicionais:* que permitirán o coñecemento e o entretemento dos máis pequenos no seu tempo libre con xogos tradicionais como a corda, o trompo, o aro, o diábolo, entre outros.

CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá participar calquer neno ou nena con idades comprendida entre os 6 e os 12 anos. Os/as nenos/as de 5 anos, poderán participar sempre e cando un/unha irmán/á tamén estea inscrito/a e asista ás actividades diarias do centro. No CEIP de Fontiñas habilitarase un espazo adaptado para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
2. Para poder participar no programa é obrigatorio cubrir a ficha de participación, que deberá entregarse cuberta no espazo de recepción o mesmo día no que asistan ás actividades. Naqueles casos nos que participen de forma continuada nun mesmo centro, cada día deberá amosar o carné e indicar a persoa responsable de recoller ao menor.
3. A participación é de balde e de libre elección; é dicir, pódese participar na programación completa e diaria dun centro ou ben en talleres concretos de acordo coa disponibilidad de prazas en cada momento. A Dirección da Escola de Verán resérvase o dereito da organización dos grupos e das actividades, que poderán sufrir modificacións durante o seu desenvolvemento.
4. As actividades darán comezo ás 9.30 h. e finalizarán ás 13.30 h, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores/as responsábles, comprenderá esa franxa horaria.
5. A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas.

DATOS TÉCNICOS

- **A quen se dirixe** : a nenos e nenas de 6 a 12 anos, agás no CEIP Fontiñas no que se contempla un espazo para os nenos/as pequenos/as, de 3 a 5 anos.
- **Lugar de realización**: espazos cedidos polos CEIP de Fontiñas, Quiroga Palacios, Colexiata de Sar e Pío XII.
- **Datas de realización**: do 4 ao 8 de setembro de 2006.
- **Horario**: de 9.30 h a 13.30 h
- **Quen fai a actividade**: Monitoras e monitores das asociacións e colectivos con experiencia como dinamizadores sociais:
 - Centro Don Bosco
 - Asociación Xuvenil de Cruz Vermella
 - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)
 - Anta Xurada. Xestión e dinamización sociocultural

INSCRICIÓN

- **Información**: Departamento de Educación e Mocidade.
Rúa do Vilar 13, 1º
Tfnos: 981 554 400/401. Fax 981 571 511
- **Email**: dptoeducacion@aytocompostela.es
- **Página web**: www.santiagodecompostela.org
- **Prazo de inscrición**: do 4 de setembro ata cubrir prazas
- **Forma de inscrición**: mediante o impreso correspondiente que deberá entregarse cuberto no espazo de recepción do propio centro escolar, ao inicio das actividades.
- **Custe de inscrición**: o custe de inscrición na actividade é de balde